Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Xuventude

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 212
F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
xuventude@vilagarcia.es
www.vilagarcia.es

Espacio reservado
para selos internos

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO BAILE INFANTIL DE ENTROIDO 2022

A Concellería de Xuventude convoca o CONCURSO DE DISFRACES INFANTÍS o próximo luns 28 de febreiro na Praza II República, dentro do baile infantil de entroido.

Este concurso está destinado aos nenos e nenas de entre tres e once anos participantes no baile infantil de entroido que terá lugar o vindeiro luns 28 de febreiro ás 17.00 h na Praza II República.

O concurso obxecto desta convocatoria rexerase polas seguintes bases:

PRIMEIRA.- A selección dos/as premiados/as realizarase entre todos os nenos e nenas de entre tres e once anos participantes no baile infantil

SEGUNDA.- A selección dos/as premiados realizarase durante o desenvolvemento do baile, por un xurado estará composto polas persoas que a organización designe, quedando facultados para resolver todos os aspectos que non estean contemplados nas presentes bases.

TERCEIRA.- O xurado tomará a decisión ao remate do concurso e valorarase a orixinalidade do deseño, a creatividade, así coma os complementos e a interpretación dos/as personaxes representados.

CUARTA:
Os premios, consistentes en lotes de libros e material de papelería, serán os seguintes:
Un premio ao mellor disfrace individual
Un premio ao mellor disfrace en parella
Premio ao mellor disfrace en grupo
(Terán consideración de Grupo todos aqueles que conten cun mínimo 3 persoas)

QUINTA.- Presentarse ao mellor disfrace en modalidade Individual, Parella ou Grupo excluirá de poder presentarse en calquera das outras dúas modalidades.

SEXTA.- A entrega dos diplomas acreditativos dos premios realizarase o mesmo día tras coñecerse a decisión do xurado.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar algún premio deserto.

A decisión darase a coñecer o mesmo día ao remate do baile.

A entrega dos diplomas e premios realizarase unha vez rematado o baile e a deliberación do xurado.

SÉPTIMA. Dereitos de Imaxe.

O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase a potestade de fotografar /ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

A participación no concurso infantil de disfraces de entroido implica o coñecemento e aceptación destas bases.